



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 24 DE NOVEMBRO DO 2021

### **Alcalde-Presidente:**

Carlos Ladra Brage

### **ASISTENTES**

#### **Concelleiros/as;**

#### **Grupo político municipal PSdG-PSOE**

Concepción Rodríguez Ferreiro

Diana M<sup>a</sup>. Rodríguez Fernández

#### **Grupo político municipal BNG:**

Iago Varela Martínez

Paula González Grueiro

#### **Grupo político municipal PP:**

Elena María Arias Martínez

Manuel González López

Javier Fernández Brage

María José Bouza Varela

#### **Grupo Mixto:**

María Eva García Amor

Xosé Manuel Pérez Sardiña

### **AUSENCIAS XUSTIFICADAS:**

#### **Secretaria-Interventora:**

Irene Suárez López

Sesión telemática celebrada en virtude do artigo 46.3 da LBRL introducido pola Disposición Adicional segunda do Real Decreto legislativo 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes e complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19. Sendo as 19:30 horas do 24 de novembro do 2021, reúnense en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde, Carlos Ladra Brage, os/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, coa asistencia da Secretaria-Interventora Irene Suárez López, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Presidente declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

## ORDE DO DÍA

### **1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**

En aplicación do disposto no artigo 91.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, o Alcalde comeza preguntando aos Concelleiros se teñen algunha observación que facer **á acta correspondente á sesión celebrada o 29 de setembro do 2021.**

Sometida a acta a votación é aprobada por dez ( 10 ) votos a favor dos concelleiros do PP, PSdG-PSOE, a concelleira do BNG e os concelleiros do Grupo Mixto e unha ( 1 ) abstención do concelleiro do BNG, por non atoparse presente na sesión.

## **2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DUNHA ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE CABANAS.**

Obra no expediente o ditame que a continuación se transcribe:

*Expediente núm. 1695/2021*

*Procedemento: Disposicións normativas*

### **PROPOSTA DE ALCALDÍA.- APROBACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE CABANAS**

*Elaborada a Ordenanza municipal de Normalización Lingüística do Concello de Cabanas, esta Alcaldía, PROPÓN ao Pleno da Corporación, órgano competente segundo o disposto no artigo 22.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das bases de réxime local, a adopción do seguinte ACORDO:*

**PRIMEIRO.** *Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal de Normalización Lingüística do Concello de Cabanas, nos termos que figura no expediente.*

**SEGUNDO.** *Someter a aprobación da Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno. Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.*

**Quenda de intervencións ( remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)**

Sometida o asunto a votación e por seis ( 6 ) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo mixto e cinco ( 5 ) abstencións dos concelleiros do PP e o concelleiro do Grupo Mixto adoptouse o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal de Normalización Lingüística do Concello de Cabanas, nos termos que figura no expediente.

**SEGUNDO.** Someter a aprobación da Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno. Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

### 3. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS, CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA 30/2021.

Obra no expediente a proposta de Alcaldía que a continuación se transcribe:

**Expediente núm.1740/2021**

#### **PROPOSTA DA ALCALDÍA.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 30/2021, NA MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO**

*Visto o expediente relativo á aprobación do expediente de modificación de créditos núm.30/2021 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, que consta de providencia de Alcaldía, Memoria da Alcaldía e informe de Secretaría Intervención.*

*Visto que da liquidación do exercicio 2020 resulta un remanente de tesourería para gastos xerais positivo por importe de 894.986,85 €.*

*Visto que as contías consignadas no orzamento de 2020 resultan insuficientes para atender ao gasto relativo a achegas municipais e os investimentos que a continuación se relacionan:*

**Actuación denominada “Obras de reparación na rede de saneamento de Valedoso”.**

*Visto o que antecede, considerando que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación inicial polo Pleno, de acordo co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:*

**PRIMEIRO.-** *Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 30/2021, na modalidade de crédito extraordinario por un importe global de 54.210,06 euros, que se financia con cargo a Remanente de Tesourería para gastos xerais (que se acreditan no expediente), conforme ao detalle de partidas seguinte:*

<b>Aplicación</b>		<b>Descripción</b>	<b>Crédito extraordinario</b>
<b>Programa</b>	<b>Económica</b>		
161	61901	Obras de reparación da rede de saneamento en Valedoso	54.210,06 €
		<b>TOTAL</b>	54.210,06 €

**SEGUNDO.-** De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Facendas Locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP.

**TERCEIRO.-**O expediente de modificación orzamentaria entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.

**Sometida a votación a ratificación da inclusión na orde do día é aprobada por unanimidade dos presentes ( 11 votos).**

**Quenda de intervencións ( remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)**

**Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos presentes ( 11 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 30/2021, na modalidade de crédito extraordinario por un importe global de 54.210,06 euros, que se financia con cargo a Remanente de Tesourería para gastos xerais (que se acreditan no expediente), conforme ao detalle de partidas seguinte:

Aplicación		Descrición	Crédito extraordinario
<b>Programa</b>	<b>Económica</b>		
161	61901	Obras de reparación da rede de saneamento en Valedoso	54.210,06 €
		<b>TOTAL</b>	54.210,06 €

**SEGUNDO.-** De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Facendas Locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP.

**TERCEIRO.-**O expediente de modificación orzamentaria entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.

#### **4. INFORMES DA PRESIDENCIA:**

##### **4.1. RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Dáse conta das resolucións de Alcaldía aprobadas dende o último pleno ordinario.

#### **5. MOCIÓN**

A concelleira **Eva García Amor** da lectura á moción que leva por título SOS SANIDADE PÚBLICA, co seguinte teor literal:

**Solicitud:**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*Antes de la pandemia da Covid-19 a Atención primaria xa atravesaba unha profunda crise estrutural, con déficit de profesionais pola falta de adecuación dos cadros de persoal as necesidades poboacionais, a non renovación de xubilacións, baixas e vacacións e as demoras e masificación na asistencia, como consecuencia dos recortes nos orzamentos aplicados polos sucesivos gobernos do Partido Popular. Na actualidade, os orzamentos na Atención Primaria apenas supoñen o 12% do orzamento sanitario total, que é evidente insuficiente e urxente incremental.*

*Durante a pandemia, en Atención Primaria priorizouse a atención telefónica sobre a presencial o que impediu o acceso dos pacientes aos centros sanitarios e reduciuse o aforo das salas de agarda obrigando aos pacientes a facer cola fóra dos centros de saúde. Se suspenderon a realización de probas e controis de saúde periódicos, sobre todo en paciente con patoloxía crónicas. Estas medidas para evitar a transmisión, están tendo consecuencias negativas na calidade de atención que reciben as e os cidadáns, entre elas de o atraso no diagnóstico de patoloxías como as tumorais.*

*Hoxe temos agardas de máis de 10-12 día para recibir atención médica de forma telefónica no Centro de Saúde, que pode chegara un mes para unha consulta presencial, o que non é comprendido pola cidadanía e orixina nela un sentimento de abandono e desprotección por parte do Sistema Sanitario Publico.*

*O contacto e a relación médico-paciente constitúe o alicerce fundamental da Atención primaria, polo que manter esta modalidade de consulta telefónica ou telemática como base de atención sanitaria supón una enorme limitación de accesibilidade, racionalidade e calidade do modelo sanitario. Isto xera malestar social e profesional que vai en aumento, cun deterioro da imaxe do Sistema Sanitario Publico.*

*Durante os meses de confinamento, as traballadoras e traballadores de Sanidade Pública recibiron o recoñecemento e a gratitude da cidadanía ao labor desenvolvido en durísimas condicións. Este recoñecemento abría a esperanza de que, tras o estado de alarma sanitaria, o SERGAS impulsaría medidas e reformas para mellorar e fortalece esta primeira liña asistencia, tal como recomendan as sociedades científicas, axentes sociais e sindicais. Lamentablemente a realidade é ben distinta e a cidadanía atopamos a mesma precariedade anterior acrecentada por unha atención baseada en primar consultas telefónicas sobre as presenciais e con restricións de acceso ao Centro de Saúde.*

***Hai que recuperar a atención presencial e o acceso aos centros o antes posible, para evitar un maior deterioro do propio sistema e empeorar os datos de saúde de poboación.***

*As barreiras de acceso á Atención Pública favorece a privatización, coa correspondente fuxida das persoas con maior capacidade económica aos seguros privados (na actualidade xa supón un 20% da poboación) e a desprotección das persoas con menos recursos, en consecuencia un aumento da iniquidade.*

*Para reverter esta situación, é necesario*

- *A apertura dos Centros de Saúde, con consultas 100% presenciais como única maneira de garantir a igualdade de oportunidades á poboación , nun entorno seguro que manteña as medidas hixiénicas e sanitarias: máscaras e distancias de seguridade.*

- Reapertura de todos os Consistorios existentes e que foron pechados pola pandemia de Covid.19.
- Mellorar a accesibilidade acabando coas listas de espera, co desdoblamento das consultas e o incremento de persoal para a súa atención. Limitando as consultas telefónicas ou telemáticas a actividades complementarias que non limiten ou interfiran a necesaria relación persoal e presencial entre traballadores e traballadoras de Atención Primaria e a poboación, e que non sigan discriminando aínda máis ás persoas maiores ou con dificultades de acceso no manexo das novas tecnoloxías.
- Incrementar de maneira urxente o orzamento sanitario destinado a Atención Primaria, O Obxectivo sería acadar o 25 % do orzamento en 5 anos.
- Contratar e acabar coa precariedade laboral do persoal, implementado un “Plan de Mellora da Atención Primaria” que redimensione os equipos multidisciplinares para dar cobertura ás necesidades de saúde da poboación.

**Dende a Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia consideramos que:** É urxente un cambio de política sanitaria da Xunta que poña en marcha medidas extraordinarias urxentes , polo que esiximos a o SERGAS e o Goberno Galego:

- A recuperación da accesibilidade aos centros asistenciais. **Atención 100% Presencial XA II**
- Incremento do cadro de persoal, nos Centros de Saúde de Galicia.
- Repoñer a Xerencia de atención primaria que eliminaron, como forma de organización específica da área e orzamento propio e non dependente do hospital de referencia.

A Xunta de Galicia do Sr. Núñez Feijóo é o único responsable do deterioro da Atención Primaria en beneficio da sanidade privada. Se non facemos unha forte presión social e profesional para conseguir cambios de calado, a nova realidade pos-pandemia pode deteriorar aínda máis a situación que vimos padecendo dende hai moito tempo.

**A Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia**, tras o traballo que están a realizar as Plataformas en Defensa da Sanidade Pública nos ámbitos locais, vamos convocar unha Manifestación o Domingo 14 de Novembro, as 12h, en Santiago de Compostela, baixo o lema: **“SALVEMOS A ATENCIÓN PRIMARIA”**, para revertir esta situación.

Polo que dende a PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA solicito o Concello de Cabanas, **un posicionamento público do Concello, de apoio** a dita manifestación. Así como que poñan a disposición dos cidadáns uns autobuses gratuítos para os que queiran asistir a dita manifestación. Estes autobuses podían ser xestionados a través das web do concello, para solicitude das prazas e ir cubrindo o aforo do concello.

**Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por sete ( 7 ) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e Grupo Mixto e catro ( 4 ) abstencións dos concelleiros do PP.**

**Quenda de intervencións ( remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)**

**Sometida a moción a votación e por sete ( 7 ) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e Grupo Mixto e catro ( 4 ) votos en contra dos concelleiros do PP, adoptouse o seguinte ACORDO:**

**Apoio do concello de Cabanas á manifestación convocada.**

De seguido o concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** da lectura á súa moción en relación á investigación de irregularidades e incidencias no arquivo electrónico municipal Gestiona:

**ASUNTO: Moción presentada por Xosé Manuel Pérez Sardiña para investigar irregularidades e incidencias no arquivo electrónico municipal Gestiona**

*Ó abeiro do establecido na lexislación vixente o Grupo político municipal Mixto a través do seu voceiro da Marea de Cabanas presenta a seguinte moción para o seu debate no vindeiro Pleno ordinario da Corporación que se celebre:*

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O expediente 515/2020 contén documentación sobre o pagamento dos traballos da Relación de Postos de Traballo. Solicitou a consulta do expediente no exercicio das funcións de concelleiro o 15 de outubro de 2021 e a alcaldía outorgou acceso o 19 de outubro pola mañá.*

*O 19 de outubro ás 21:16 h realizou a descarga do expediente da plataforma Gestiona para a súa consulta contendo o arquivo comprimido 14 arquivos do expediente e 3 arquivos de metadatos (Portada, Índice e Informe Ejecutivo).*

*Ao día seguinte examinou a documentación e atopou que o "informe" da concelleira delegada se remite a dous informes xurídicos externos que non constan no expediente descargado. Para aclarar esta anomalía accedemos novamente ao expediente electrónico en Gestiona e verificamos que os informes xurídicos externos non se encontran pero no reconto de arquivos detectamos a presenza de 15 arquivos, apareceu un máis que os descargados inicialmente denominado "20210503\_Resolución\_Resolución. Aprobación factura contrato servizos" DE XUÑO DE 2021 cualificado como rexeitado e descargueino ás 17:28 h do 20/10/2021.*

*A presenza dun novo arquivo e a ausencia de arquivos esenciais para ditar a resolución motivan que rexistre varias solicitudes de acceso á información e explicacións (1630 de 19 de outubro e 1644 de 22 de outubro de 2021) que lle reiterei á alcaldía mediante escrito 1685 de 3 de novembro sen que ata a data o rexedor teña entregado a documentación nin xustificado estes feitos.*

*Estas irregularidades motivan a proposta dunha Comisión de Investigación pola xestión do arquivo electrónico Gestiona á vista de que a alcaldía fai a vista gorda sobre estes feitos. Estamos preocupados pola cadea de custodia de documentación municipal, máxime cando veño comprobando que en moitos expedientes só existe un funcionario asignado sen que haxa garantías de que neles se manteña a integridade do expediente como vimos de comprobar co expediente 515/2020.*

*Esta situación anómala repítese na consulta dos expedientes de aboamento de asistencias a membros da Corporación. A día de hoxe faltan por entregar os expedientes ou documentación relativa a agosto, setembro e outubro de 2020, con atraso decembro de 2020. Actas e antecedentes foron incluídos nos expedientes de 2021 con posterioridade á nosa solicitude de consulta o pasado 15 de outubro, en evidente irregularidade administrativa.*

*Deste xeito, faise necesario investigar estes feitos e a xestión do arquivo dixital municipal e facer propostas de mellora, co fin de evitar a desaparición de documentación municipal sen un mínimo control. É polo que propoñemos o seguinte **ACORDO***

**1. O Pleno municipal acorda crear unha comisión especial de investigación sobre xestión do arquivo municipal electrónico denominado GESTIONA segundo o establecido para estas comisións polo ROF co fin de investigar irregularidades e incidencias no arquivo electrónico municipal Gestiona.**

**Quenda de intervencións ( remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)**

**Sometida a votación a urxencia da moción é rexeitada por cinco ( 5 ) votos a favor dos concelleiros do PP e o concelleiro do Grupo Mixto e seis ( 6 ) votos en contra dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto.**

O concelleiro **Xosé Manuel Pérez Sardiña** da lectura a outra moción relativa á actualización dos complementos recollidos no convenio colectivo do concello de Cabanas.

**MOCIÓN DO CONCELLEIRO XOSÉ MANUEL PÉREZ SARDIÑA SOBRE ACTUALIZACIÓN DE COMPLEMENTOS E MODIFICACIÓN PUNTUAL DE RPT EN VIGOR SOBRE PERSOAL DA CORPORACIÓN POR INCREMENTO DE RESPONSABILIDADES**

*Está rematando novembro e non temos novas sobre a negociación da nova Relación de Postos de Traballo. Levan dous anos dándolle voltas a un asunto que se acabou convertendo noutra naufraxio máis por actuar e aplicar documentos de costas a todo o mundo.*

*Neste sentido, non queremos permitir que a RPT se converta nunha escusa para non actualizar complementos obsoletos para persoal laboral temporal ou para adecuar a RPT en vigor ao incremento ou valoración adecuada de responsabilidades do persoal funcionario en concordancia con modificacións xa realizadas desta RPT. Cada mes que pasa, os traballadores perden cartos e isto xa non se sotén con máis escusas. Queda claro que o forte do goberno non é cumprir prazos.*

*Neste sentido propoñemos:*

**1. Instar ao goberno local a que actualice os complementos obsoletos do persoal laboral e mais modifique puntualmente a Relación de Postos de Traballo en vigor para adecuar a responsabilidade aos postos que a incrementasen ou que requiran unha actualización á vista das modificacións puntuais aprobadas con anterioridade pola Corporación.**

**Quenda de intervencións ( remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)**

**Sometida a votación a urxencia da moción é rexeitada por cinco ( 5 ) votos a favor dos concelleiros do PP e o concelleiro do Grupo Mixto e seis ( 6 ) votos en contra dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto.**

O mesmo concelleiro presenta outra moción relativa á convocatoria dunha praza de taxi vacante.

**MOCIÓN DO CONCELLEIRO XOSÉ MANUEL PÉREZ SARDIÑA SOBRE CONVOCATORIA DUNHA PRAZA DO SERVIZO PÚBLICO DE TAXI**



*Nos últimos anos reduciuse o número de licenzas de taxi municipal ata 2 no presente 2021. Tendo en conta a lexislación vixente a Cabanas correspóndelle unha licenza de taxi por cada 1100 habitantes, e neste momento debe haber unha licenza vacante sendo desde o noso punto de vista necesaria a súa convocatoria á vista das necesidades existentes.*

*No seu artigo 8, a lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia establece que os Concellos convocan mediante concurso público a adxudicación de novas licenzas de taxi.*

*Para isto, segundo o artigo 16 da lei 4/2013 hai que remitirle "á dirección xeral competente en materia de transportes da Xunta de Galicia unha memoria na cal se especificarán as licenzas de taxi existentes e a dispoñibilidade de continxente segundo o establecido nos artigos 6 e 7 desta lei". Á vista da memoria e do continxentamento do número de licenzas de taxi, "a dita dirección xeral emitirá informe vinculante referente ao outorgamento das autorizacións interurbanas de taxi correspondentes". De ser favorable o dito informe, o concello "poderá tramitar o concurso para a adxudicación das licenzas de taxi".*

*É por isto que propoñemos*

**1.Instar ao goberno local a elaborar unha memoria e remitila á Dirección xeral competente en materia de transportes da Xunta de Galicia e, de obter informe favorable, tramitar o concurso para a adxudicación da licenza de taxi vacante.**

**Quenda de intervencións ( remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)**

**Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos membros presentes ( 11 votos).**

**Quenda de intervencións ( remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)**

**Sometida a moción a votación e por unanimidade dos membros presentes ( 11 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:**

**1.Instar ao goberno local a elaborar unha memoria e remitila á Dirección xeral competente en materia de transportes da Xunta de Galicia e, de obter informe favorable, tramitar o concurso para a adxudicación da licenza de taxi vacante.**

Por último o concelleiro indica que ten unha moción relativa ao 25N, na que lle gustaría buscar o acordo de todos os grupos ou transformala nunha declaración institucional.

**MOCIÓN 25 N DO CONCELLEIRO XOSÉ MANUEL PÉREZ SARDIÑA , DÍA INTERNACIONAL POLA ELIMINACION DAS VIOLENCIAS CONTRA AS MULLERES**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A violencia contra as mulleres supón a manifestación máis extrema da desigualdade que existe entre homes e mulleres, como o maior obstáculo para o desenvolvemento dunha sociedade xusta e igualitaria. A violencia contra as mulleres e nenas, arraigada nunhas relacións de poder desiguais entre mulleres e homes, persiste como unha situación estrutural derivada do patriarcado. No último ano e medio, ademais, a pandemia afectou a millóns de persoas no mundo e polo tanto, provocou moitos efectos negativos nas mulleres. As restricións para combater a crise sanitaria foron, para moitas vítimas das violencias, peores que o propio coronavirus, xa que ditas medidas obrigaron a reducir ao máximo as relacións*

*sociais e a permanecer no círculo familiar máis estreito, é dicir, a ficar máis illadas co seu maltratador.*

*No que vai de ano, de acordo coas cifras oficiais, foron asasinadas 36 mulleres no Estado español, (datos actualizados no Ministerio de Igualdade a 12 de outubro de 2021) e unha muller foi asasinada en Galicia o pasado mes de setembro: Mónica Marcos, panadeira de cincuenta e dous anos, veciña da Coruña. A estas cifras cómpre engadir os 24 menores de idade quedaron na orfandade por mor da violencia de xénero.*

*Como é ben sabido, a causa de todas estas violencias está directamente relacionada coa hexemonía patriarcal aínda vixente na nosa sociedade. É un problema estrutural, de aí que a súa erradicación esixa a posta en marcha de actuacións de carácter integral e transversal, que busquen transformar esta cultura e que promovan unha sociedade plenamente igualitaria.*

*É necesario que dende todas as administracións públicas e, en particular, dende a administración local, se acheguen todos os medios para combater e erradicar as violencias machistas. O asasinato é a manifestación máis extrema das violencias machistas, a punta do iceberg, pero son moitas máis e de moi diferentes formas as violencias que sofren as mulleres. Para afrontar todas estas violencias, é preciso recoñecer e identificar as graves fendas de xénero existentes no ámbito familiar, social, educativo, económico, cultural, etc. É imprescindible erradicar as causas estruturais e sociais que sustentan estas desigualdades a través de políticas públicas efectivas na prevención das violencias machistas e na promoción da igualdade. Porque a loita contra as violencias machistas esixe un traballo constante e decidido por iso o concello de Poio debe seguir a ter como prioridade poñer no centro da actividade municipal a erradicación de todo tipo de expresións de violencia machista e destinar recursos suficientes para traballar na súa eliminación.*

*Ante a proximidade do 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia sobre as Mulleres, debemos seguir manifestando con contundencia que a violencia sobre a muller é inaceptable e debemos seguir traballando para conseguir unha sociedade libre de discriminacións e libre de violencias machistas.*

*De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais o Grupo Mixto – Marea de Cabanas propón á consideración do Pleno o seguinte ACORDO*

*1.- Instar ao Goberno do Estado a desenvolver as medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, concretamente as recollidas no Eixe 8 que fai referencia á visualización e atención de outras formas de violencia contra as mulleres, prestando especial atención á violencia sexual. De conformidade co Convenio do Consello de Europa para previr e combater a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica (Convenio de Istambul), de 2011, incluíranse todos os actos de violencia baseados no xénero que impliquen para as mulleres danos ou sufrimentos de natureza física, sexual, psicolóxica ou económica, incluídas ameazas, coacción ou privación de liberdade.*

*2.- Solicitar do Congreso a aprobación da modificación da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, que ten como obxectivo a ampliación do obxecto da norma para que abarque outras manifestacións de violencia machista, superando o enfoque patriarcal e reduccionista que a limita ao ámbito familiar e da parella.*

*3.- Instar ao Goberno Galego a dotar os orzamentos de 2022 de recursos suficientes para loitar contra a violencia machista, dando cumprimento ao establecido na Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Tamén, a ampliar o número de*

*prazas e recursos dispoñibles nas casas de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero.*

*4.- Instar ao Concello de Cabanas a manter a loita contra a violencia de xénero como unha das máximas prioridades na axenda política local, rexeitando de maneira expresa calquera acto de violencia sobre as mulleres e fomentando a convivencia en igualdade e o respecto á diversidade.*

*5.- Facer un pronunciamento público da corporación municipal contra toda forma de violencia sobre as mulleres, contra a pasividade cos comportamentos machistas, e convidar ao conxunto da cidadanía a tomar parte na responsabilidade colectiva de facer de Cabanas un municipio libre de violencia contra as mulleres, unha realidade contra a que temos que loitar todos e todas para conseguir eliminar a violencia contra as mulleres do noso día a día.*

Acordan facer unha declaración institucional conxunta de todos os grupos.

## **6. ROGOS E PREGUNTAS**

**Remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta.**

E non habendo mais asuntos que tratar deuse por finalizada a sesión sendo as vinte e unha horas e cincuenta e sete minutos, estendéndose a presente acta da que, eu, Secretaria, certifico.

Vº e Pº